

ORDE do 18 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas á nova participación de agricultores en réximes de calidade, e se convocan para o ano 2018.

AXUDAS INICIO PARTICIPACIÓN EN REXIMES DE CALIDADE

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20180109/AnuncioG0426-181217-0001_gl.pdf

BENEFICIARIOS:

- Persoas físicas ou xurídicas, titulares de explotacións agrarias coa condicións de agricultor activo e que participen por primeira vez nalgúns réximes de calidade dos produtos agroalimentarios.

REXIMES DE CALIDADE:

- Produción agrícola ecolóxica.
- Denominacións de orixe protexidas (DOP), indicacións xeográficas protexidas (IGP) e especialidades tradicionais garantizadas (ETG).
- Denominacións de orixe protexidas (DOP) e indicacións xeográficas protexidas (IGP) de viños.
- Indicacións xeográficas de bebidas espirituosas
- Indicacións xeográficas de produtos vitivinícolas aromatizados.

GASTOS SUBVENCIONABLES E CONTÍA

1. Os custos fixos ocasionados pola inscrición nun réxime de calidade e a cota anual de participación no dito réxime, incluídos, de ser o caso, os custos dos controis necesarios para comprobar o cumprimento do prego de condicións do réxime. Non se considerarán subvencionables os custos internos ou de autocontrol.
2. A contía da axuda será do **100 % dos gastos subvencionables realizados, sen superar os 3.000 euros anuais por explotación**, durante un período máximo de cinco anos.

GASTOS ATENDIBLES PARA A CONVOCATORIA DO 2018

Para a convocatoria de 2018, serán atendibles os gastos imputados á campaña que comprende o período que vai do 1 de xuño de 2017 ata o 30 de abril 2018.

[PRAZO ATA O 15/05/2018](#)